

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
5 DE AGOSTO DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Outorgamento de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de Bono-Taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade-2016. Expte. 119563/301.

COMERCIO

- 3.- Adxudicacións definitivas das autorizacións dos postos de venta ambulante dos mercadillos de Bouzas e Coia. Expte. 1439/110.

CONTRATACIÓN

- 4.- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto pola UTE Gestión Escuelas Infantiles Municipales contra o acordo de exclusión do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión da EIM de Santa Marta-Casco Vello. Expte. 17500/332.
- 5.- Dar conta da fusión por absorción de Grupo Norte Outsourcing Signo Servicios Integrales S.L.U., adxudicataria do Servizo de información cidadá: teléfono 010, por Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios S.L. Expte. 2054/321.

DEPORTES

- 6.- Proposta de adxudicación dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés. Expte. 14892/333.

EMPREGO

- 7.- Outorgamento das subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro para o ano 2016. Expte. 12558/77.

FESTAS

- 8.- Proxecto de convenio de colaboración co Centro Veciñal e Cultural de Valladares para a organización da Festa do Polbo. Expte. 6498/335.

PATRIMONIO

- 9.- Proposta de adxudicación da contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congresos, na avda. de Beiramar, en Vigo. Expte.19846/240.

SERVIZOS

- 10.- Expediente de contratación das obras de humanización da rúa Estornino (Superavit 2015). Expte. 3968/440.
- 11.- Expediente de contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte. Fase 1, entre Travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández. (Superavit 2015) Expte. 3943/440.
- 12.- Expediente de contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro. Fase 1. (Superavit 2015) Expte. 3970/440.
- 13.- Proposta para a autorización da modificación do acordo de inicio do expediente administrativo para a modificación do Proxecto de Obra da II Fase da Grada de Tribuna Cuberta. Expte. 3208/440.

VIAS E OBRAS

- 14.- Proxecto de convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a execución de obras de renovación de firmes en viais municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo. Expte. 77457/250.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **5 de agosto de 2016, as 11,45 horas**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 5 de agosto de 2016.

CCA/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez.

